

SERMOS CORRENTE: As universidades galegas ante o caso crítico da lingua propia

We must become a current: Galician universities towards the critical case of their own language

Pedro Álvarez Mosquera
(Universidad de Salamanca / pedro@usal.es)

Data de recepción: 29/06/2024 – Data de aceptación: 15/10/2024

Resumo: Ante a continua perda de falantes e espazos de uso con predominancia do galego, resulta evidente que a aplicación do marco lexítimo actual non garante un lugar meritório para a lingua propia desta comunidade. A pesar da existencia de iniciativas e recursos xeralmente illados para promover o seu uso, este artigo avoga por enfocar o galego dende una óptica reflexiva, apoiada en iniciativas independentes e a coordinación de actores dentro da nosa comunidade. En concreto, faise un chamamento explícito á coordinación activa das universidades galegas para liderar un proceso de posta en valor e uso activo do galego en varios eidos na súa co-existencia co castelán e outras linguas.

Palabras chave: Lingua galega, liderado alternativo das universidades galegas, coordinación en rede de axentes dinamizadores, transformación, impacto social.

Sumario: 1. Introducción. 2. Unha ollada dende fóra; unha ollada dende a ciencia. 3. Aprendizaxe dende Suráfrica (Proxecto Baqonde). 4. As universidades galegas. 5. Consideracións finais. Referencias bibliográficas

Abstract: In light of the continued decline in speakers and domains where Galician is predominantly used, it becomes evident that the current legal framework does not adequately secure a significant position for the native language of this community. While acknowledging that there are (generally) isolated initiatives and resources aimed at promoting its use, this article advocates for a more reflective and strategic approach to Galician, underpinned by independent initiatives and the coordination of local stakeholders. Specifically, it calls for active coordination among Galician in elevating the status and normalizing the use of Galician across various fields in its coexistence with Spanish and other languages.

Keywords: Galician language, the alternative leadership of Galician universities, Coordination through a network of catalysts, transformation, social impact.

Contents: 1. Introduction. 2. A view from the outside; A view from science. 3. Lessons from South Africa (The Baqonde Project). 4. The Galician Universities. 5. Final considerations. Bibliographic references.

1. Introducción

O galego perde falantes e espazos de uso de maneira acelerada. As cifras dos últimos censos e os datos sociolingüísticos dos últimos estudos (IGE 2019, 2024; Monteagudo / Loredó / Vázquez 2018; Monteagudo / Loredó / Vázquez-Grandío / Nandi 2021; Acuña Ferreira / Iglesias Álvarez 2024, entre outros), certifican o que se pode observar doadamente nas rúas das grandes urbes e cada vez máis en pequenas poboacións galegas: a castelanización é unha tendencia incontestable e estase a acentuar nos últimos anos. A situación é tan crítica que xa se recolle con rotundidade no último censo: é a primeira vez na historia desta comunidade que a lingua propia non é maioritaria.

Se ben case un uso do 50% semella un dato equitativo, aqueles familiarizados con este eido enseguida subliñan o que esta cifra non deixa ver, é dicir, o feito de que o groso dos galegofalantes se atopa nos grupos de idade máis avanzada. Ese gran patrimonio inmaterial que representan estes falantes desaparecerá en poucos anos/décadas e o relevo (lingüístico) non está garantido. A unha taxa de natalidade especialmente baixa, únese a rotura na transmisión interxeracional e a falta de contextos para a crianza en galego (Silva Valdivia 2007). É dicir, no único territorio onde o galego é lingua oficial a todos os niveis, o castelán colle o temón nos fogares, na rúa, no ocio, e moi a miúdo, no ámbito educativo (entre outros contextos). De feito, nestes últimos (ocio, educación, redes sociais etc.), o uso e a produción en galego é xeralmente baixa e, ademais do castelán, o galego ten que competir con linguas internacionais, entre as que destaca, con moito, o inglés.

Como se chegou aquí? O caso do galego non é moi diferente doutros contextos diglósicos en que se produce un desprazamento lingüístico: a lingua vernácula é relegada (maioritariamente) a contextos informais e cotiáns, coa súa conseguinte perda de prestixio, seguida dunha perda de falantes, a miúdo a través dunha brecha interxeracional onde os falantes máis novos avogan pola variedade máis prestixiosa asociada ó éxito social e laboral.

No que si pode diferir o galego doutras linguas é na resposta dende a sociedade e dende as institucións a este desafío. Na actualidade, hai un consenso bastante xeneralizado entre os sociolingüistas dedicados ó estudo do galego sobre o fracaso da política lingüística impulsada dende as institucións (Monteagudo 2019; Ramallo Fernández / Vázquez Fernández 2020, entre moitos outros). O luído concepto de *bilingüismo harmónico* (Lorenzo Suárez 2002 e 2005) estase a converter, na práctica, nun proceso de substitución progresiva do galego, en contraposición coa realidade lingüística en Cataluña (O'Rourke / Nandi 2019) ou no País Vasco (Goirigolzarri / Amorrortu / Ortega 2019).

Dende unha óptica galega, somos conscientes de que as diferenzas relativas ó capital económico, social e, ata certo punto, a cuestión nacionalista asociada ás outras linguas co-oficiais, semella suxerir unha certa xustificación do fracaso do caso galego (alén, obviamente, de que as políticas lingüísticas aplicadas en Galicia e, por exemplo, Cataluña e Euskadi, son ben distintas). O certo é que a vía galega

non ten por que ser semellante a ningunha delas, aínda que si podemos aprender de todas elas. É dicir, os/as lingüistas galegos (ou dedicados a esta lingua), e por extensión, os/as académicos/as desta comunidade non podemos resignarnos a documentar o desgaste social dunha lingua histórica así como calquera outro elemento excepcional que atopemos no camiño que marca a perda de falantes e contextos de fala. Pola contra, cabe recapacitar se dende a nosa conciencia e posición podemos ser ou xerar pancas de cambio.

Neste artigo, alén de manter no foco o contexto e óptica galegas, tamén imos mirar fóra para pór o galego no foco. É dicir, cando un (incluído o académico) circunscribe a súa área de investigación, opinión, estudo etc. ó contexto máis próximo ou semellante, é certo que gaña poder comparativo e contrastivo, pero tamén limita a creatividade e capacidade de resposta; é dicir, a posibilidade de imaxinar unha alternativa. Neste sentido, os congresos nacionais e internacionais sobre diferentes liñas temáticas supoñen unha ventá aberta para entrar en contacto con narrativas diferentes que poden (hipoteticamente) levar a unha especialización maior nalgunha ocasión. Neste caso, tras máis dunha década dedicándome á análise da situación lingüística de Suráfrica e tras liderar o primeiro proxecto *Capacity Building Erasmus+* co principal obxectivo de promover as linguas indíxenas no contexto de educación superior, estou convencido de que se poden alumar camiños diferentes baseados en precedentes de maior complexidade coa esperanza de xerar novas alternativas.

2. Unha ollada dende fóra; unha ollada dende a ciencia

Non cabe dúbida de que nun mundo altamente globalizado, as chamadas *linguas francas*, coma o inglés ou o español/francés en certos casos, son unha ferramenta útil para conectar con milleiros de falantes doutras linguas e doutras rexións. Este é, de feito, un dos argumentos esgrimidos por falantes monolingües destas variedades lingüísticas para xustificar as vantaxes de falar todos o mesmo idioma (Fishman 2006). Á marxe de todas as cuestións de identidade, diversidade e cultura que xustifican inapelablemente o alto custo de optar por esta vía, hai un aspecto ó que a miúdo non se lle concede a importancia que merece e é parte fundamental do proceso de concienciación que temos que pór en marcha: o cerebro multilingüe (Bialystok 2017; Costa / Sebastián-Gallés 2014).

O multilingüismo é un fenómeno multidisciplinar que conta cunha longa tradición investigadora (Cenoz 2013). O certo é que a maior parte dos habitantes do planeta son multilingües en diferente grao. Dende o punto de vista antropolóxico e neurobiolóxico xa dispoñemos de abundantes evidencias de que o noso cerebro está *deseñado* (por ex., plasticidade) para ser multilingüe (Bialystok 2017). Isto é, temos que entender que como froito do proceso evolutivo e contacto

lingüístico (experiencia) –que se estende aínda máis co comercio, o colonialismo, os fluxos migratorios ou a globalización– o monolingüismo tal e como se atopa no contexto occidental é máis ben unha *anomalía normalizada* (Ellis 2006). Polo tanto, é importante favorecer un maior nivel de conciencia sobre a naturalidade de falar habitualmente máis dunha lingua. Se fósemos capaces de xerar un alto nivel de concienciación social verbo desta circunstancia, as lecturas politizadas ou radicalizadas sobre esta cuestión lingüística terían menor cabida e impacto na nosa sociedade.

Isto non se debe de mesturar co feito de aprender inglés ou outra lingua adicional (a maiores) como lingua estranxeira. Máis aló das vantaxes comunicativas derivadas da exposición e uso que teñan desta lingua adicional, estamos falando dun proceso diverxente do anterior, con importantes condicionantes como a idade de adquisición, o contexto de adquisición, niveis de competencia ou o compoñente afectivo (véx. Pavlenko 2012). Por exemplo, nun fogar onde se usan varias linguas de maneira cotiá, un/unha neno/a desenvolverá maiores recursos fonéticos, fonolóxicos, semánticos, pragmáticos etc. que nun fogar monolingüe, como non pode ser doutra maneira. A maiores recursos, maiores vantaxes para entender, adquirir ou comunicarse noutras linguas no futuro. Neste caso, se ben o monolingüismo en castelán pode conectar con máis de 400 millóns de falantes, non hai que facer de menos os aproximadamente 300 millóns de falantes en territorios lusófonos, principalmente fóra do ámbito europeo, cos que conectamos a través do galego.

Dentro deste marco que trata de pór en valor as vantaxes de optar polo uso e defensa activa desta lingua minoritaria dende a nosa posición, tamén debemos sumar o seu impacto no ámbito académico e científico, nas humanidades en xeral e na lingüística en particular. Un exemplo clásico sería toda a investigación existente sobre a conexión entre lingua/s e emotividade, que contribúe a confirmar, refutar ou modificar as teorías sobre os procesamentos cognitivos e a regulación dos sistemas emocionais (Bloom / Beckwith 1989; Caldwell-Harris 2014). Centrándome neste ámbito, non é retorcido pensar que ser falante dunha lingua minorizada, coma o galego, pode levar a un servidor/falante (como o autor destas liñas) a interesarse pola sociolingüística, a ir máis aló incluso en niveis máis específicos, coma no plano metodolóxico ou na interpretación de datos, para dar respostas a cuestións que un vive en primeira persoa como falante bilingüe/multilingüe. Na miña traxectoria investigadora, ser falante dunha lingua minoritaria foi unha vantaxe á hora de enfocar e conceptualizar realidades sociolingüísticas de diferente grao de complexidade e potenciar a miña capacidade de investigación: máis facilidade de formular hipóteses, de observar matices, de ter un entendemento máis detallado ou axustado de contextos multilingües –que, por outra banda e como xa se indicou, son a norma e os máis abundantes.

Para concretar estas afirmacións, a especialización noutra lingua (coma no caso da Filoloxía Inglesa) abre a porta tamén á investigación en contextos lingüísticos afastados con resultados que se achegan (ou que se poden achegar) ó noso contexto. Simultaneamente, a experiencia como falante de lingua minoritaria acelera

a creación de pontes académicas, científicas e sociolingüísticas. Deste xeito, no meu caso, o enriquecemento que supón ser falante de galego nun contexto cada vez máis castelanizado e diglósico, conectou directamente coa experiencia vital de moitos surafricanos falantes de linguas indíxenas ou minorizadas¹. A pesar das diferenzas históricas e culturais máis que evidentes entre ambos os contextos, as desvantaxes de convivir cunha lingua franca global como parte da ducia de linguas oficiais do país (Kamwangamalu 2003) resoaban a situacións cotiás no contexto galego-castelán, permitindo ir un paso máis aló das implicacións do marco legal, do plano do politicamente correcto e do discurso explícito. Desta maneira, sendo as actitudes lingüísticas unha peza fundamental para o futuro destas linguas (Loureiro-Rodríguez / Boggess / Goldsmith 2013), a necesidade de atopar métodos máis fiables ou aproximacións máis obxectivas/científicas foi o resultado do entendemento propio como investigador e falante minorizado o que me levou a considerar o *Implicit Association Test* (IAT) –ferramenta de investigación importada da psicoloxía social– como innovación metodolóxica no contexto surafricano. Máis concretamente, dediquei varios anos de investigación a demostrar como incluso os acentos na propia lingua franca tiñan a suficiente indexicalidade para influír no nesgo e, por conseguinte, na categorización do falante. Evidentemente non é unha cuestión local, senón universal e IAT úsase na actualidade noutros contextos tan afastados como EUA, Italia ou Países Baixos². Dito doutro xeito, nunha realidade con máis falantes multilingües ca monolingües, ser falante de galego facilitou a miña aposta pola vangarda metodolóxica e sociolingüística nunha escala global. Neste sentido, a conxunción da traxectoria lingüística persoal coa formación académica e a experiencia investigadora sobre o terreo foi fundamental para a posta en pé do proxecto de *Erasmus+ Capacity Building BAQONDE*. Na epígrafe 3 poñemos en valor tanto a contribución coma as leccións que se poden extraer da experiencia acumulada en case cinco anos, entre preparativos e implementación do proxecto.

3. Aprendizaxe dende Suráfrica (Proxecto Baqonde)

O proxecto BAQONDE responde nas súas siglas en inglés a *Boosting the Use of African Languages in Education. A Qualified Organized Nationwide DEvelopment Strategy for South Africa*. Executado entre xaneiro de 2021 e xaneiro de 2024, BAQONDE abordou unha das prioridades nacionais identificadas polas autoridades surafricanas, isto é, o feito de que a maioría dos estudantes, como

¹ En realidade, no contexto surafricano, aínda que as linguas coloniais (inglés e, en menor medida, o afrikaans) son predominantes en moitos contextos formais, non son linguas maioritarias. De feito, a lingua inglesa presenta unha porcentaxe de 8,7% de falantes nativos e un 10,6% no caso do afrikaans, de acordo co último censo (2022).

² Véx. as primeiras aplicacións para o caso galego en Álvarez-Mosquera / Marín-Gutiérrez / Iglesias Álvarez 2023 e en Iglesias Álvarez / Álvarez-Mosquera / Marín-Gutiérrez 2024.

falantes nativos de linguas bantús, non reciben educación na súa lingua materna (www.baqonde.usal.es). Con 12 linguas oficiais (incluíndo o inglés), esta realidade ocorría a pesar da política lingüística e o marco legal favorables, xa que a súa implementación a miúdo atopaba obstáculos en forma de escasos recursos, pouca coordinación e colaboración neste eido, entre outras causas (Department of Higher Education and Training 2020). No borrador do que sería o marco actual vixente, xa se presionaba nas universidades surafricanas para liderar a transformación no terreo lingüístico, facendo fincapé precisamente na *cooperación interinstitucional*.

Se pensamos que o contexto do galego é particularmente complicado, o surafricano axúdanos a enxergar unha realidade moito máis alcanzable na nosa contorna, dentro dos seus potenciais paralelismos e diferenzas. Para comezar, as actitudes dos falantes de linguas indíxenas cara á educación nas súas propias linguas non son homoxéneas en Suráfrica. En certa medida, estas actitudes poderían ser o reflexo das cicatrices deixadas polo seu pasado recente (apartheid), así como das súas dificultades actuais para atopar os recursos adecuados para cumprir coas súas obrigas académicas nas súas linguas maternas. En consecuencia, ás veces podemos atopar actitudes contraditorias, mesmo entre a poboación máis nova con estudos. Por unha banda, son falantes entusiastas destas linguas e considéranas unha parte fundamental da súa identidade; mais, por outro lado, moitos destes falantes novos a miúdo subliñan a súa preferencia polo inglés como lingua da educación superior (Kamwangamalu 2003; Prinsloo 2007), non só nos estudos baseados en enquisas, senón mesmo durante as manifestacións estudantís máis importantes en democracia hai uns anos (Dube 2017). Tamén rexistramos este tipo de actitudes durante as entrevistas a grupos focais no pasado, nas que estes falantes tenden a ver o inglés como a lingua do progreso e do futuro (Bornman / Álvarez-Mosquera / Seti 2018). Tal e como indicabamos anteriormente, destacados académicos e moitas outras voces autorizadas procedentes de ámbitos multidisciplinares subliñan os beneficios cognitivos de permitir a todos os estudantes universitarios e non universitarios alcanzar o seu potencial pleno mediante a inclusión das súas linguas maternas como medio de ensino. De feito, as investigacións xa subliñan o impacto negativo que esta realidade educativa estaba a ter no rendemento dos estudantes e no seu lexítimo acceso á educación (Dyers / Antia 2019; Antia / Weldemichael / Dyers 2021). Dende o punto de vista xurídico, a visión das autoridades educativas nacionais surafricanas era (e é) abordar esta cuestión fomentando o desenvolvemento e o uso das linguas africanas no contexto da educación superior (Department of Higher Education and Training 2020), pero os obstáculos que mencionabamos anteriormente conducían a prácticas educativas principalmente monolingües (case unicamente en inglés, con algunhas honrosas excepcións) o que continuaba a condicionar o rendemento do alumnado e, moi probablemente, agravando as desigualdades sociais (Antia / Weldemichael / Dyers 2021). E foi por isto que BAQONDE se converteu nunha necesidade.

En liña co marco vixente, BAQONDE representou un esforzo colaborativo entre catro universidades surafricanas (NWU, UWC, RU e UKZN) e tres europeas (USAL, TCD e RU) para promover de maneira eficaz o uso das linguas indíxenas

como medio de instrución e coñecemento. Noutras palabras, partindo desta prioridade nacional e doutras iniciativas independentes anteriores (moitas veces inconexas), buscamos establecer unha rede colaborativa de ALDUS (Unidades de Desenvolvemento de Linguas Africanas, na súa sigla en inglés) con carácter interinstitucional dende onde coordinar a creación/optimización de materiais nestas linguas, a formación do profesorado na utilización de recursos docentes multilingües e a implementación de estratexias (*top-down* e *bottom-up* / por ex. diseminación) para garantir un acceso máis inclusivo á educación superior. Nunha última fase, as universidades surafricanas participantes tamén fixeron campañas de difusión e concienciación nos colexios dentro da zona de influencia de cada centro educativo superior, garantindo unha ponte de comunicación cos futuros estudantes universitarios e o profesorado implicado.

Loxicamente, a posta en marcha e cumprimento destes obxectivos supuxo ter en consideración a estruturación propia de cada universidade e facer de sete equipos un só, cos desafíos loxísticos, administrativos e culturais que isto supuña, pero con todas as vantaxes de xuntar profesionais de todos os eidos liderados polos maiores expoñentes do multilingüismo aplicado neste contexto. O legado de BAQONDE, aínda palpable e visible tras a súa finalización, ten unha visión expansiva que lles confire ás catro universidades surafricanas pioneiras que formaron parte do consorcio seren o epicentro dun crecente *Inter-Institutional Board of ALDUS*, que continúa a atraer representantes das outras máis de vinte universidades públicas surafricanas.

Baixo o principio de *cooperación para a transformación*, rexémonos polas seguintes directrices –axustadas ó modelo *capacity building* da UE– co fin de lograr que a maioría de estudantes non tivese que renunciar a unha parte fundamental da súa identidade en canto puñan un pé no contexto de educación superior e poder aspirar ó seu potencial máximo. En concreto, construír ou potenciar esta capacidade implicaba 1) compartir expertías e coñecementos punteiros para acelerar a transformación a nivel de consorcio; 2) cimentar a autonomía desta rede a través de equipamento e novos recursos (por ex. *board of ALDUS*); 3) crear un repositorio multilingüe en liña para centralizar os materiais especializados de ensinanza e aprendizaxe no contexto de educación superior nestas linguas (POLOKELO); 4) contribuír ó proceso de (re)intelectualización destas linguas e 5) desenvolver un sentimento de propiedade e inclusividade.

Deste xeito, esta renovada capacidade volvería poñer a universidade ó servizo da sociedade, actuando como un facilitador de coñecemento e non como unha barreira ó coñecemento.

4. As universidades galegas

Ó igual ca no caso surafricano, os problemas da lingua galega no sistema universitario desta comunidade están sobre-diagnosticados e as iniciativas ó redor desta problemática tamén existen. No primeiro caso, a lingua de ensinanza habitual da maior parte do profesorado universitario é o castelán e os recursos humanos e económicos dedicados á promoción do galego son xeralmente insuficientes. No segundo caso, a pesar das infraestruturas creadas, existe unha importante falta de concienciación, coordinación e atención á singularidade do caso galego (véx. Costa Rico 2009). De maneira relevante, podemos destacar tanto a creación en 2009 como as conseguíntes contribucións da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística (CIPL) integrada pola Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña³ (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/21200>). Esta comisión organiza campañas, fai propostas e define as liñas de actuación a favor da dinamización do uso do galego no ámbito universitario. A modo de exemplo, no informe do uso do galego na investigación das tres universidades galegas, xa se apunta ó problema de base «debemos lembrar que a docencia é a primeira fonte de difusión do coñecemento científico» (Nogueira López 2013: 45) e ponse de manifesto os pésimos resultados do uso do galego na docencia en contraste co caso vasco e catalán. Deste xeito, úrxese á Xunta de Galicia e ás tres universidades a adoptar «medidas claras, periodificadas e con obxectivos precisos para avanzar na presenza do galego na docencia» (Nogueira López 2013: 45). Entre outras medidas de carácter retributivo e divulgativo, a autora tamén avoga pola sistematización dos recursos terminolóxicos, materiais docentes, software, entre outros recursos relacionados; á vez que aprema as universidades galegas a faceren cumprir as normativas vixentes (Nogueira López 2013: 45-51).

Como acontecía no contexto de Suráfrica, a cuestión está en que facer cando se acumulan décadas en que os datos non acompañan malia todos estes intentos ou iniciativas illadas. É dicir, o foco debe pasar do diagnóstico da situación actual do galego e a proposta continua de solucións, a conseguir unha implementación real de medidas efectivas. Neste salto cualitativo faise indispensable tender pontes entre membros con capacidade de acción dentro dos organismos involucrados no ensino, diseminación, coidado e promoción da lingua. Trátase de crear equipos transversais con fondos propios (por ex., UE) que garantan a súa operatividade con obxectivos comúns e concretos (por ex., creación de materiais docentes mancomunados en diferentes graos, potenciación das comisións / implementación

³ Todas as universidades teñen seccións e órganos dedicados a velar pola lingua galega, incluíndo os estatutos das propias universidades, plans estratéxicos, plans de política ou normalización lingüística, comisións de política lingüística, entre outros. Para máis información: Universidade de Vigo: <https://www.uvigo.gal/es/campus/lengua/politica-linguistica>; Universidade da Coruña: https://www.udc.es/snl/politica_linguistica/ e Universidade de Santiago: <https://www.usc.es/es/normativa/normalizacion/index.html>.

efectiva das normativas –indicadores e seguimento–, coordinación de estratexias e temporalización de obxectivos, concienciación, formación docente en áreas con necesidades –avaliación...– etc.), cuxa forza se xere da posta en conxunto de recursos e capital humano. Baixo o posible liderado das universidades galegas e en perfecta sintonía co marco legal actual, esta rede si tería a capacidade de actuar como un catalizador lingüístico entre a sociedade galega que force unha maior implicación institucional ante a súa pasividade e a política de baixa intensidade actual (Nandi / Kasares / Manterola 2023; Álvarez-Mosquera / Marín-Gutiérrez / Iglesias Álvarez 2023).

Este cambio de paradigma é necesario xa que as consecuencias de cumprir en aparencia ou só formalmente cos mínimos requisitos esixidos a base de constituír comisións baleiras de capacidade, facer informes, lanzar eventos etc. é o que (a miúdo) está na base deste bilingüismo harmónico que socava as opcións de futuro da lingua galega. É dicir, na práctica estase a cumprir co que se pide, minando os posibles argumentos de inacción e abandono do galego. É moi importante sinalar que esta infraestrutura *inerte* ou *inocua* convive con accións ou iniciativas feitas con verdadeira paixón e tino.

Para afondar na verdadeira magnitude desta posible falta de concienciación e coordinación, quixémonos achegar á percepción dos propios membros da comunidade universitaria nas tres universidades galegas para coñecer o seu grao de coñecemento e percepción das iniciativas en prol do galego. Con este fin, realizouse unha enquisa, entre o 25 de maio e o 25 de xuño de 2024⁴, en que se lles pedía especificar 1) a súa participación en iniciativas en prol do galego; 2) o seu coñecemento sobre plans de normalización dos departamentos, facultades e universidades; 3) o seu coñecemento da CIPL (Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística) e, finalmente, 4) o seu coñecemento do labor dalgunha Comisión de Normalización Lingüística doutros centros e noutros ámbitos da sociedade (concellos, Xunta de Galicia, empresas etc.).

Co foco posto no período pospandémico, quixemos centrarnos neste tipo de actividades nos últimos tres anos. A pesar de conseguir un tamaño de mostra bastante amplo (n=405) e cunha representación equilibrada dos sectores máis representativos que se integran nas universidades (Figura 1), houbo unha representación máis elevada na Univ. da Coruña, seguida da Univ. de Vigo e da Univ. de Santiago de Compostela (Figura 2). Dito isto, tamén hai que sinalar que todos os campus das tres universidades tiveron representación na mostra, coa única excepción do Campus de Lugo (USC).

⁴ Agradecemoslles a súa colaboración ás tres comunidades universitarias, a todos/as os/as colegas que nos axudaron e ós tres servizos de normalización.




Figura 1: Representación da comunidade universitaria por sectores.




Figura 2: Representación da comunidade universitaria por universidade de orixe.

Centrándonos xa nas preguntas de investigación do cuestionario, en canto ó nivel e tipo de participación en iniciativas en prol da lingua galega, chama a atención que o 85% da mostra (n=346) non participase en ningunha actividade relacionada coa promoción e uso da lingua galega (Figura 3).




Figura 3: Grao de participación en campañas ou iniciativas en prol da lingua galega.

Entre o 15% que si o fixo (n=59), cómpre destacar o seguinte (véx. Táboa 1):

- a. Unha das canles de aproximación á comunidade universitaria para levar a cabo esta enquisa foi a través dos departamentos que se ocupan da lingua galega. Isto explica a alta representación de persoal relacionado cos plans e comisión institucionais e tamén aparece reflectido no apartado de docencia.
- b. A participación en cursos de perfeccionamento parece ter boa acollida en varios sectores.
- c. As actividades por iniciativa propia e outras actividades fóra do ámbito universitario son moi salientables, aínda que esporádicas (preparación dun vídeo) ou anecdóticas (votar pola volta do Xabarán Club).

Tipo de iniciativas de que formaron parte (n=59)	
Plans / Comisións	<ul style="list-style-type: none">•Comisión de normalización lingüística•Plan de galeguización dos maxisterios, Plan de docencia en galego da UVigo•Membro da Comisión de Normalización da Facultade de Ciencias•Plan de galeguización da facultade de Educación e Traballo Social•Plan de promoción do galego•Plan de recoñecemento da docencia en galego•Participación na Comisión de Normalización do meu centro e na comisión de seguimento do plan de normalización
Cursos / Obradoiros	<ul style="list-style-type: none">•Taller de bilingüismo•Xornada multilingüismo•Curso de (perfeccionamento) / actualización de competencias) galego (x7)•Curso de linguaxe administrativa (x2)
Docencia	<ul style="list-style-type: none">•Imparto a miña docencia en Galego (x4)•Existe un programa para fomentar o galego na UVigo en varias asignaturas•Grao en Galego totalmente (docencia)
Actividades propias	<ul style="list-style-type: none">•Preparei múltiples materiais docentes en lingua galega, e titoricei tamén varios TFG neste idioma.•Traballos audiovisuais, radiofónicos ou pequenas postas en escena a partir de autoras/es (homenaxeadas/os nas Letras Galegas) ou de contos•Publicar en galego, organizar actividades co galego representado•Charla ó alumnado•Organicei unha xornada de divulgación das matemáticas en galego

	<ul style="list-style-type: none">•Promovín no seo da AIC a campaña Investiga en galego•Vídeo divulgativo sobre o uso de términos propios da enxeñaría civil en galego co gallo do Día das Letras Galegas 2022•Organización de Modo galego, Actívao!•Elaboración dunha contribución na colección Esenciais da USC
Outros	<ul style="list-style-type: none">•Proxecto educativo Semente (fóra do eido Universitario)•Seminario de estudos galegos•Varias campañas da Mesa pola Normalización Lingüística (x2)•Xabarín. Votación enquisa (x3)•Actividades relacionadas co Día das Letras Galegas (x6)•Faladoiros Vigo, Fálao ti que podes•Manifestación (Queremos Galego / similar) (x4)•Premios de poesía e tradución e Premios de maquetas de música•Restitución dos apelidos galegos•Participación en mesa redonda sobre o galego como lingua materna•Intentei participar no programa Galego de Tranquis, mais non se fixo nada•21 días en galego e +•Ler frases en galego para unha ferramenta de IA•Programas do meu IES da semana cultural

Táboa 1: Cadro resumo da participación en iniciativas en prol do galego.

Retornando ó eido universitario, quixemos analizar o impacto de potenciais iniciativas dende varios niveis de actuación. Comezamos polo nivel máis próximo ós participantes, é dicir, preguntámoslles por información sobre actividades deste tipo organizadas dende *os seus departamentos ou facultades*.




Figura 4: Coñecemento dos plans específicos do seu departamento ou facultade.

A meirande parte dos entrevistados (n=334) admite non coñecer os plans específicos do seu departamento ou facultade nesta materia. A quen si os coñecía (n=71), preguntámoslle se eses plans, a día de hoxe, xogaban «un papel activo» / tiñan «impacto na comunidade universitaria». Tan só 28 participantes consideraban que si, e xustificaban a súa resposta da seguinte maneira:

Impacto positivo (n=28)	
Premios	<ul style="list-style-type: none"> •Premio Lois Tobio •Premios ós TFG, TFM e teses de doutoramento defendidas nesta lingua (x3)
Docente	<ul style="list-style-type: none"> •Recoñecemento da docencia en galego •Uso do galego no ensino (x2)
Plans / Comisións	<ul style="list-style-type: none"> •Plan de galeguización e Plan de docencia en galego •Plan de galeguización da facultade de Educación e Traballo Social •Plan de normalización lingüística •Os plans da Comisión de Normalización da Facultade, con impacto relativo •Actividades da Mesa pola normalización •Medidas varias da Comisión de normalización (sen especificar) •A CNL. Moi pouco impacto (fóra do Departamento)
Actividades específicas	<ul style="list-style-type: none"> •Celebración das Letras Galegas •Día Internacional da Lingua materna e herdada •O galego nas novas tecnoloxías •Día Internacional da Poesía •Promoción de autores galegos, en galego, con mostras, encontros, xornadas, etc. •A xornada de divulgación «Habelas hainas» (x2) •Os vídeos de «Explicóche matemáticas» (x2) •O concurso de edición da galipedia •As campañas da UVIGO •Cursos de galego •Concienciación da fala e da escritura
Outras respostas	<ul style="list-style-type: none"> •Non existen plans •Si coído que axudan (sen especificar) •Cursos (sen especificar) (x3) •Non se fai ningún plan; incluso algún profesor avisa vía email se algún alumno quere o exame en galego ten que solicitalo. En todo o Grao en Terapia Ocupacional tan só o Mestre de Anatomía dá as clases en galego •Descoñezoo, pero por pouco que haxa ten que ser positivo

Táboa 2: Cadro resumo das iniciativas con impacto positivo a nivel de departamentos / facultades.

Dos argumentos utilizados polos participantes destaca tanto o recoñecemento (premios, docencia etc.), coma o número das actividades específicas. Porén, non podemos pasar por alto a falla de concreción das iniciativas e incluso as queixas daqueles que consideran o seu impacto limitado.

Continuando coa nosa pescuda, cando nos ocupamos dos *plans de política ou normalización lingüística das súas universidades* neste mesmo período, os indicadores melloran lixeiramente, pero aínda prevalece un amplo descoñecemento:




Figura 5: Coñecemento dos plans de política ou normalización lingüística da súa universidade.

Como se pode apreciar na Figura 5, o 77% di descoñecer a política lingüística da súa propia universidade (n=312). Ó restante 23% (n=93), preguntámoslle se esas políticas lle parecían ter un impacto na comunidade universitaria, e esta foi a información fornecida polos 31 participantes que responderon afirmativamente:

Impacto positivo (n=31)	
Premios	•Premios ós TFG, TFM e teses de doutoramento defendidas en galego (x3)
Docente	•Máis docencia en galego nas aulas (x2) •Impartir todas as clases en galego, exceptuando aquelas que non o permitan (lingua castelá, inglés...) •Recoñecemento da docencia en galego
Plans / Comisións	•Plan de docencia en galego, moi necesario. Moitas materias comezáronse a impartir en galego grazas a ese plan •O SNL, cun impacto tamén relativo •O plan de normalización da Univ. da Coruña é deficiente e ademais non se está a implementar de forma adecuada •Membro da Comisión de Normalización lca. da miña facultade •O Plan de accións para a normalización da lingua 24-26 da USC •Obxectivos no Plan Estratéxico. Moi pouco impacto •Plan Uso Galego
Servizos	•Servizo de corrección de erros dos traballos en galego •Difusión de ferramentas para facilitar a correcta expresión en galego •Redacción de programas de materias

Actividades específicas	<ul style="list-style-type: none">•Normalización lingüística nas comunicacións á poboación xeral da UDC•Apadriñamento, premios da ANL•Axudas á investigación en lingua galega (x2)•Cursos de dinamización lingüística (x2)•Cursos de lingua galega para PDI (x3)•A xornada de divulgación «Habelas hainas» (x2)•Os vídeos de «Explicóche matemáticas» (x2)•O concurso de edición da galipedia•Galego de tranquis (x2)•Coidar os escritos e publicacións en galego, que sigan os formatos establecidos e se coide a gramática e a sintaxe
Outras respostas	<ul style="list-style-type: none">•Non sei moito, non vexo que se fale máis galego ca antes•Cursos (sen especificar) (x2)•Descoñézoos•Aínda que existan, non teñen un resultado notorio nos estudantes

Táboa 3: Cadro resumo das iniciativas con impacto positivo a nivel de universidade.

A Táboa 3 mostra solapamentos coa Táboa 2, o que indica que moitos participantes non poden atribuír con claridade a orixe das iniciativas que promoven a lingua galega na universidade. Cómpre destacar que, a nivel universitario, aparecen reflectidos positivamente os servizos institucionalizados de apoio á lingua galega, ademais dun maior peso dos plans en vigor. Dito isto, neste grupo minoritario tamén se observa unha falta de concreción e indicadores de impacto limitado sinalado polos participantes.

No seguinte bloque, centrámonos nun organismo especialmente relevante e simbólico nun contexto en que avogamos pola coordinación activa e efectiva das universidades galegas: a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Como mecanismo formalizado para tecer sinerxías desta natureza entre as tres universidades galegas, cumpría comprobar o grao de impacto e coñecemento entre os membros da comunidade universitaria.




Figura 6: Coñecemento do labor da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística.

Os datos que mostra a Figura 6 non deixan lugar a dúbidas sobre o descoñecemento xeneralizado (n=395) en todos os sectores representados das tres universidades galegas. Soamente 10 participantes recoñeceron o labor desta comisión nos seguintes termos:

Se coñece o labor da CIPL, especifique (n=10)	
Promoción da lingua galega	<ul style="list-style-type: none"> •Promoción da Lingua Galega no SUG •Promove o uso do galego •Contribuír a la normalización y difusión de la lengua gallega
Actividades específicas	<ul style="list-style-type: none"> •En galego tamén se fai ciencia
Outras respostas	<ul style="list-style-type: none"> •Fun membro •Escasamente (x2) •Sei da súa existencia e dalgunha iniciativa no pasado •A información recollida nesta web: https://udc.gal/snl/politica_linguistica/cipl/ •Actividades

Táboa 4: Grao de coñecemento das actividades da CIPL.

De acordo coas respostas da Táboa 4, mesmo aqueles que sabían da existencia desta comisión, unicamente atinaban a esbozar un obxectivo xeral sobre a promoción do galego xunto a outras respostas indeterminadas.

Finalmente, co obxectivo de completar o elenco de posibles accións e sinerxías que puidesen resultar nun pulo ó uso do galego entre a comunidade universitaria, quixemos mirar outras iniciativas que xurdisen máis alá da súa propia realidade institucional. En concreto, recolleamos información sobre o coñecemento do labor das Comisións de Normalización Lingüística noutros centros, así como sobre outras campañas ou proxectos procedentes doutros ámbitos sociais.

No primeiro dos casos (Figura 7), a situación de descoñecemento maioritario non cambia moito en termos globais.




Figura 7: Coñecemento do labor doutras CNLs noutros centros (fóra do seu).

Neste caso, aínda que un 91% (n=369) non lembra ningunha proposta procedente destas vías, o 9% restante (n=36), apunta o seguinte:

Se coñece o labor doutras CNL (ou similares) doutros centros, especifique (n=36)	
Noutras Universidades	<ul style="list-style-type: none"> •O Servizo de Normalización Lingüística da USC •Axudas á investigación en lingua galega do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña •Xornada Matemáticas e lingua, xornadas sobre o bilingüismo da Facultade de psicoloxía da USC
Noutros Departamentos / Facultades / Centros	<ul style="list-style-type: none"> •No CIFP que estudaba tiñan un programa de normalización lingüística •Coñezo labores de Comisións en IES e proxectos da Consellería (edición de revistas, concursos literarios, festivais...) que teñen esta finalidade •Cursos de galego do Centro de linguas •Facultade de Ciencias da Educación •A Comisión de normalización lingüística de filoloxía ten iniciativas, mais non me lembro de ningunha. Sei que hai un club de lectura, pero non sei en que facultade
Iniciativas concretas dende diferentes centros	<ul style="list-style-type: none"> •Iniciativas relacionadas cos TFG e TFM •Servizo de normalización lingüística (x2) •Tradución de materiais docentes •Galego de tranquis •Calquera (actividade) da mesa pola normalización lingüística •Bolsas para a lectura de TFG en galego •Aquí tamén se fala Galego •Plan de dinamización lingüística do galego •Premio mellor TFG en lingua galega •Cursos PFID •Lingua e matemáticas •En Spotify me salen anuncios de un plan de normalización lingüística que se va a empezar a levar a cabo en las universidades gallegas en general •Instaurar la lengua gallega como única lengua de comunicación
Outras iniciativas (máis alá do ámbito das CNLs)	<ul style="list-style-type: none"> •Xabarín xa •A MESA (pola Normalización Lingüística) •QUEREMOS GALEGO •21 días co galego •Erguer Galiza •Actividades sobre o día das letras galegas
Outras respostas	<ul style="list-style-type: none"> •Cursos •Outras universidades organizan actividades •Os anteriores •Fun membro ata este abril da Comisión para a normalización lingüística delegada do claustro e, entre outras, elaboramos o plan de accións indicado na resposta anterior

	<ul style="list-style-type: none">•Son da Comisión da UDC•Ningún
--	---

Táboa 5: Grao de coñecemento doutras das CNLs (ou similares) doutros centros.

A pesar de trazar uns niveis de coñecemento baixos (en liña cos casos anteriores), a Táboa 5 subliña os labores e apoio das CNLs doutras universidades, algunhas facultades e doutros centros de estudos concretos. Ademais, os participantes amosan un bo número de accións que consideran acertadas para este fin, que van dende iniciativas relacionadas cos TFGs/TFMs ata cursos concretos ou actividades máis sociais como *Galego de Tranquiś* (da Universidade de Vigo) ou *Aquí tamén se fala Galego* (do IES Rafael Dieste, A Coruña). Outras actividades, pertencentes a organismos fóra deste eido, comentaranse nos seguintes parágrafos.

O derradeiro punto, centrado noutras iniciativas dos últimos tres anos procedentes de calquera ámbito (máis alá do ámbito universitario), debuxa un liderado alleo ás universidades ó obter un maior número de respostas afirmativas (n=129) entre a propia comunidade universitaria. De feito, moitos destes participantes deixaron constancia de máis dunha iniciativa. Con todo, o feito de que a maioría da mostra (n=276) non teña coñecemento de ningunha proposta deste tipo é desalentador.




Figura 8: Coñecemento de iniciativas en prol do galego nalgún outro ámbito.

A Táboa 6 recolle as respostas proporcionadas polos entrevistados. Por mor da ampla variedade de opcións, os datos dalgúns apartados foron agrupados nunha mesma categoría/ringleira.

Iniciativas doutros ámbitos en prol da lingua, especifique (n=129)	
Plataformas / Asociacións / Organizacións	<ul style="list-style-type: none">•A Mesa pola Normalización Lingüística (x17)•Queremos Galego (x4)•A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) (x2)•Faladoiros Vigo•Alingua•AGAL (Associaçom Galega da Língua)•Galiza Nova

Centros	<ul style="list-style-type: none"> •Centros de ensino / Escolas (x11) •EGAP (Escola Galega de Administración Pública) (x3) •RAG (x2) •Bibliotecas •Programas en IES para a normalización •As actividades de normalización lingüística da Facultade de Matemáticas (USC) •As iniciativas da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol •Gentalha do Pichel
Administración (Concellos / Xunta)	<ul style="list-style-type: none"> •Programa APEGO (Varios Concellos) (x9) •A Xunta (ex. Cursos gratuitos, bolsas) (x8) •Concellos/Deputacións: Concello de Carballo (cursos de galego, uso do galego) (x4); Concello da Coruña (no ámbito das subvencións a entidades deportivas); Concello de Santiago (x2); Concello de Vigo (x2); Concello de Lugo e Deputación da Coruña •Plan de dinamización do emprego do galego no ensino (Xunta) (x2) •Programa Elos (Concello de Santiago)
Iniciativas / campañas concretas	<ul style="list-style-type: none"> •Aquí tamén se fala (IES Rafael Dieste, A Coruña) (x17) •21 días co galego (x7) •Actividades do Día das Letras Galegas (RAG) (x5) •Correlingua (x4) •Manifestacións (x2) •Publicación de libros / Axudas a publicacións (x2) •Publicidade en galego (x2) •Toponimízate (RAG) (x2) •Aproximación dende a TVG ós nenos e por redes sociais •Cartelería varia •Premios mil primaveras (CTNL) •Edición de revistas •LGx15 (CTNL) •Premios da Deputación da Coruña •Comunicacións en galego por parte de clubs deportivos de relevancia •Iniciativas de barrio polo uso do galego nas actividades comerciais de proximidade •Actividades da CIG (Confederación Intersindical Galega) Ensino •Concurso de carteis escolares «Somos Boiro» •Programas de Xuventude •Modo Galego, Actíva! •Campaña Xabarán Club •Subvencións públicas ao audiovisual galego •Proxectos de tradución en galego •Debate Alingua

	<ul style="list-style-type: none"> •Equipos de dinamización lingüística •GADIS (Vivamos como galegos) •Sanxenxo Fala •Artes en lingua galega: Clubs de lectura, Festivais de música, Feiras do libro, teatro en galego, encontro anual de poesía «Alguén que respira!», Concursos literarios (x3), Regueifas
Medios / Contido en galego	<ul style="list-style-type: none"> •DigochoEu (RTVG) (x4) •Orgullo Galego •G Ciencia •Nós Diario •Proxecto Trasno (Software en galego)
Outras respostas	<ul style="list-style-type: none"> •Diversas en Concellos (x3) •Falar máis galego (x2) •Cursos de formación (x2) •Fun profesor de F.P. no ensino secundario si que hai plans sobor da Lingua Galega, nunca dei unha clase en Castelán •Concello, Xunta, mais ningunha iniciativa de verdadeiro impacto •Oí anunciar un plan de normalización lingüística, creo que de la Xunta •Charlas, películas •Me suenan de verlas por ahi, carteles, rrss, gente, asociaciones, artesanías, etc •Asociacións socio-culturais

Táboa 6: Cadro resumo das iniciativas doutros ámbitos (fóra da universidade) en prol da lingua.

Á luz destes datos, podemos dar conta dun auténtico mosaico de iniciativas en favor da lingua galega. Cómpre destacar a visibilidade e impacto acadado pola *Mesa pola Normalización Lingüística* (17 veces) entre outras plataformas como *Queremos Galego* ou a CTNL. Os centros de ensino (de varios niveis) destacan como fonte de activismo nesta liña (11 veces), aínda que son os concellos os que irrompen con máis forza. Neste ámbito de actuación despunta o *Programa Apego* (9 veces), un programa colectivo implementado en varios concellos e creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. Neste apartado de iniciativas concretas, a campaña *Aquí tamén se fala* do IES Rafael Dieste (A Coruña), sobresaí pola súa viralidade tanto nas redes coma entre os participantes (17 veces). Tamén é destacable o impacto doutras accións concretas (e variadas) como *21 días co galego* (Xunta de Galicia), o *Día das Letras Galegas* (RAG), os *Correlingua* (A Mesa pola Normalización Lingüística, Asociación Socio-Pedagóxica Galega e Confederación Intersindical Galega) ou o *DigochoEu* (RTVG).

Con todos estes datos na man, a enquisa axúdanos a facer un encadramento da situación actual máis axustado á realidade en termos de implicación e impacto das universidades galegas na promoción e uso do idioma propio. En xeral, queda patente tanto a baixa participación (implicación) da comunidade universitaria en campañas ou iniciativas en prol da lingua galega (ó redor do 15%), así coma o escaso

coñecemento dos plans específicos dos departamentos, facultades ou universidades nesta área (inferior ó 25%). Con niveis de impacto xeralmente baixos, segundo os participantes, nin o labor das Comisións de Normalización Lingüística doutros centros (9%) nin o da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística (2%) son quen de xerar un grao de concienciación aceptable ou espazos/ferramentas que cheguen ó groso desta comunidade.

Coma no caso de Suráfrica, a enquisa mostra que existen outras moitas iniciativas dende o ámbito social, administrativo, comunicativo etc. cunha aparente maior pegada na comunidade universitaria (32%). Aínda así, o seu impacto concéntrase nun terzo da mostra, é dicir, só un de cada tres participa ou simplemente coñece estas iniciativas. Dito isto, este mosaico de accións diversas fóra do ámbito universitario xunto cos discretos niveis de implicación e coñecemento que acabamos de describir, debería facernos reflexionar 1) sobre o liderado das universidades galegas, custodiadoras do coñecemento, con gran capital humano e recursos propios e 2) a necesidade de tender máis pontes entre os dous ámbitos, isto é, a necesidade de sermos corrente.

A solución ó caso galego ten que ser propia debido á situación única da nosa lingua e debe basearse na articulación de medidas efectivas e independentes, partindo de criterios obxectivos, como está a ocorrer noutros puntos do panorama europeo. As universidades galegas deberían avogar por un maior número de iniciativas autónomas, coordinadas e ligadas ó contexto lingüístico que estamos a vivir. Por exemplo, a Universidade de Groningen está a dar marcha atrás na súa política lingüística de internacionalización a través do inglés debido ó deterioro palpable nas destrezas da lingua propia dos propios estudantes neerlandeses (Boomsma 2024). Recentemente, a Universidade de Zurich decidiu retirarse do Times Higher Education World University Ranking (THE Ranking) para pór diante o seu interese na calidade do que se fai na institución en lugar da cuantificación de indicadores que poden poñer en risco estes principios (IREG 2024). É dicir, as universidades teñen que saber reaccionar á realidade de que forman parte con axilidade e firmeza. Partindo da propia ciencia e os datos obxectivos, as decisións de hoxe teñen unha implicación altísima na calidade e impacto do que se fai no terreo académico e, por extensión, no dominio profesional e na sociedade. Non podemos pechar os ollos á nosa realidade e debemos facer avances na xestión autónoma do noso patrimonio lingüístico, que non pode estar condicionada por cuestións alleas ó firme propósito de pór a lingua e os/as falantes no epicentro do proceso de ensino-aprendizaxe e da nosa sociedade. A universidade galega debe ser un exemplo, un *hub* para potenciar as múltiples redes e iniciativas existentes, e unha clara referencia de liderado na promoción e uso da lingua propia.

5. Consideracións finais

Neste artigo aprémase á coordinación activa das universidades galegas, entre outros axentes no ámbito autonómico, para liderar un proceso de posta en valor e uso activo do galego en varios eidos na súa co(-)existencia co castelán e outras linguas. Isto implica trasladar ó conxunto da sociedade galega as vantaxes do cerebro multilingüe nun mundo globalizado onde o multilingüismo é a norma. Cun pé no campo do cognitivismo e outro na sociolingüística, resulta doado atopar argumentos máis que sólidos para apostar por unha vía propia que poña o foco no galego e enfoque os grandes temas que nos atanguen dende unha óptica galega. É o galego o que nos permite enfocar mellor en eidos profesionais tan dispares coma a pedagogía, antropoloxía, psicoloxía etc.; en temas tan complexos coma as actitudes lingüísticas ou identidade e, sobre todo, no ámbito da lingüística: contextos diglósicos, similitude lingüística, bilingüismo, metodoloxía, aprendizaxe de linguas etc.

Sen derrotismo nin resignación, resulta evidente que, cun marco legal potencialmente favorable⁵ e unha situación menos complexa que no caso surafricano (con 12 linguas oficiais), o percorrido da lingua galega durante os 40 anos de democracia dista de ser óptimo para o futuro dos seus falantes. Cabe preguntarse cantas xeracións de falantes de galego deben enfrontar esta situación ata que sexa tarde de máis para a lingua propia de Galicia. A resposta debe estar á altura do desafío e ir máis aló do diagnóstico e a identificación de posibles solucións. Cunha clara dimensión científica, social e autonómica (non só académica), as universidades galegas teñen a capacidade de liderar esta transformación lingüística mediante unha rede de axentes dinamizadores que priorice a implementación de medidas e iniciativas efectivas, así como a xestión coordinada de recursos, entre outras posibilidades. É dicir, ó igual ca no caso surafricano, as políticas lingüísticas xa están en pé, a problemática ó redor desta realidade está sobre-analizada; incluso xa contamos con corpos de acción illados (por ex., CIPL); pero con impacto limitado (véx. enquisa). De xeito similar, ó igual que o apoio ás linguas indíxenas de Suráfrica non se interpreta como un rexeitamento da lingua inglesa (tamén oficial neste país africano), no caso galego, replícase a mesma situación co castelán. Promover o uso do galego non debe interpretarse como un movemento contra o castelán. O castelán é igualmente oficial e, nun espazo de convivencia lingüística posta en valor, os argumentos sobre a imposición de calquera lingua poden ser amplamente rebatidos pola concienciación sobre as limitacións cognitivas, sociais e culturais do monolingüismo.

⁵ Aprobación do Estatuto de Autonomía (1981) e a Lei de Normalización Lingüística (1983), Decreto 124/2007 (aplicación mínima), o Decreto 79/2010 que derroga o anterior (política lingüística de baixa intensidade) e o Plan xeral de normalización da lingua galega (aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004).

Por último, na suma de forzas para dar este salto cualitativo, o corpo de académicos e profesionais galegos (ou dedicados ó estudo desta lingua) que reside fóra da comunidade pode contribuír significativamente á posta en valor da lingua galega e á creación de espazos de usos e estudo. Na actualidade contamos con exemplos coma a Asociación Internacional de Estudos Galegos (con congresos trianuais), Rede de Centros de Estudos Galegos (con máis de trinta universidades espalladas por 16 países de todo o mundo), a Network to Promote Linguistic Diversity (NPLD), a CTNL (Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua), a Asociación de Funcionarios/as para a Normalización Lingüística, ProLingua (Plataforma a prol da defensa e promoción da lingua), A Mesa pola Normalización Lingüística etc. As posibilidades desta rede coordinada liderada polas universidades galegas son infinitas, son as pingueiras xuntas as que posibilitan que sexamos corrente que, a diferenza das pingueiras, ten maior visibilidade e capacidade transformadora.

Referencias bibliográficas

- Acuña Ferreira, Virginia / Ana M.^a Iglesias Álvarez (2024): «The intergenerational reinforcement of Spanish in Galicia (Spain): A case study on the family language policy of Spanish-speaking parents in urban and semi-urban settings», *European Journal of Language Policy* 16/1, 79-107. DOI: <https://doi.org/10.3828/ejlp.2024.5>
- Álvarez-Mosquera, Pedro / Alejandro Marín-Gutiérrez / Ana Iglesias Álvarez (2023): «Language biases and implicit attitudes among university students in Galicia (Spain)», *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, 1-15. DOI: <https://doi.org/10.1080/01434632.2023.2226647>
- Antia, Bassey / Tedros Weldemichael / Charlyn Dyers (2021): «Multilingual Assessment: Levelling the Cognition-Emotion Playing Field at the University of the Western Cape», *Language Matters* 52/1, 50-70. DOI: <https://doi.org/10.1080/10228195.2020.1839539>
- Bialystok, Ellen (2017): «The Bilingual Adaptation: How Minds Accommodate Experience», *Psychological Bulletin* 143, 3, 233-262. DOI: <http://dx.doi.org/10.1037/bul0000099>
- Bloom, Lois / Richard Beckwith (1989): «Talking with Feeling: Integrating Affective and Linguistic Expression in Early Language Development», *Cognition and Emotion* 3 (4), 313-342. DOI: <https://doi.org/10.1080/02699938908412711>
- Boomsma, Christein (2024): «Both Dutch and internationals asked to invest in Dutch language», 18/03/2024. Disponible en: <https://ukrant.nl/both-dutch-and-internationals-asked-to-invest-in-dutch-language/?lang=en> [consultado o 14/06/2024].

- Bornman, Elirea / Pedro Álvarez-Mosquera / Vuyo Seti (2018): «Language, Urbanisation and Identity: Young Black Residents from Pretoria in South Africa», *Language Matters* 49/1, 25-44. DOI: <https://doi.org/10.1080/10228195.2018.1440318>
- Caldwell-Harris, Catherine L. (2014): «Emotionality differences between a native and foreign language: theoretical implications», *Frontiers in Psychology* 5-2014. DOI: <https://doi.org/10.3389/fpsyg.2014.01055>
- Cenoz, Jasone (2013): «Defining Multilingualism», *Annual Review of Applied Linguistics* 33, 3-18. DOI: <https://doi.org/10.1017/S026719051300007X>
- Costa, Albert / Núria Sebastián-Gallés (2014): «How does the bilingual experience sculpt the brain?», *Nature Reviews Neuroscience* 15, 336-345. DOI: <https://doi.org/10.1038/nrn3709>
- Costa Rico, Antón (2009): «O galego no ensino superior», en X. M. Mosquera Carregal / S. Pino Ramos (coords.), *Lingua e docencia universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos: [A Coruña, 12-14 de novembro de 2008]*. A Coruña: Universidade da Coruña, 49-56.
- Department of Higher Education and Training (2020): *Language Policy Framework for Public South African Higher Education Institutions*. Pretoria: Government Printer.
- Dube, Bevelyn (2017): «Afrikaans must fall and English must rise - ironies and contradictions in protests by South African university students», *Africa Insight* 47 (2), 13-27.
- Dyers, Charlyn / Bassey E. Antia (2019): «Multilingual and multimodal mediation in one university module: The people and processes involved», *Southern African Linguistics and Applied Language Studies* 37/1, 62-76. DOI: <https://doi.org/10.2989/16073614.2019.1609365>
- Ellis, Elizabeth M. (2006): «Monolingualism: The unmarked case», *Estudios de Sociolingüística* 7 (2), 173-196.
- Fishman, Joshua A. (2006): «The New Linguistic Order», en H. Luria / D. M. Seymour / T. Smoke, *Language and Linguistics in Context: Readings and applications for teachers*. New York: Lawrence Erlbaum Associates, 175-182.
- Goirigolzarri, J. / E. Amorrortu / A. Ortega (2019): «Activación lingüística de jóvenes neohablantes de euskera en la universidad», en F. Ramallo / E. Amorrortu / M. Puigdevall (eds.), *Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana-Vervuert, 24-45.
- IGE = Instituto Galego de Estatística (2019): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codi--go=0206004 [consultado o 14/06/2024].
- IGE = Instituto Galego de Estatística (2024): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en:

- https://www.ige.gal/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/PDF/Resumo_resultados_EEF_Conecemento_galego_2023.pdf [consultado o 12/10/2024].
- Iglesias Álvarez, Ana M.^a / Pedro Álvarez-Mosquera / Alejandro Marín-Gutiérrez (2024): «Explorando actitudes lingüísticas implícitas e explícitas: o caso galego», *Estudos de Lingüística Galega* 16. DOI: <https://doi.org/10.15304/elg.16.9723>
- IREG = Observatory on Academic Ranking and Excellence (2024): «University of Zurich Withdraws from THE rankings». Disponible en: <https://ireg-observatory.org/en/ranking-news/university-of-zurich-withdraws-from-the-rankings/> [consultado o 14/06/2024].
- Kamwangamalu, Nkonko M. (2003): «Social Change and Language Shift: South Africa», *Annual Review of Applied Linguistics* 23, 225-242.
- Lorenzo Suárez, Anxo M. (2002): «Modelo de política y planificación lingüística desarrollado en Galicia para la revitalización social de la lengua gallega», en *I Congrès Mundial de Politiques Lingüistiques (Barcelona, abril de 2002)*. Disponible en: https://www.linguapax.org/wp-content/uploads/2015/09/CMPL2002_T2_Lorenzo.pdf.
- Lorenzo Suárez, Anxo M. (2005): «Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego», *Cadernos de Lingua* 27, 37-59. DOI: <https://doi.org/10.32766/cdl.27.56>.
- Loureiro-Rodríguez, V. / M. M. Boggess / A. Goldsmith (2013): «Language attitudes in Galicia: using the matched-guise test among high school students», *Journal of Multilingual and Multicultural Development* 34 (2), 136-153. <https://doi.org/10.1080/01434632.2012.729591>
- Monteagudo, Henrique (2019): «Política lingüística en Galicia: de la normalización sin conflicto al conflicto desnormalizador», en J. Giralt Latorre / F. Nagore Laín (eds.), *La normalización social de las lenguas minoritarias*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza, 17-55.
- Monteagudo, Henrique / Xaquín Loredó / Martín Vázquez (2018): *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: RAG. DOI: <https://doi.org/10.32766/rag.327>
- Monteagudo, Henrique / Xaquín Loredó / Gabino S. Vázquez-Grandío / Anik Nandi (2021): *Prácticas lingüísticas na infancia. A xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*. A Coruña: RAG. DOI: <https://doi.org/10.32766/rag.389>
- Nandi, Anik / Paula Kasares / Ibon Manterola (2023): «Countering government's low-intensity language policies on the ground: family language policies in Castilian-Spanish dominated Galicia and Navarre», *Critical Inquiry in Language Studies* 21 (3), 354-378. DOI: <https://doi.org/10.1080/15427587.2023.2247510>
- Nogueira López, Alba (2013): *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*. Vigo: Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Disponible en: <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-05/Albanogueira.pdf>

- O'Rourke, B. / A. Nandi (2019): «New Speaker Parents as Grassroots Policy Makers in Contemporary Galicia: Ideologies, Management and Practices», *Language Policy* 18 (5), 493-511. DOI: <https://doi.org/10.1007/s10993-018-9498-y>.
- Pavlenko, A. (2012): «Affective processing in bilingual speakers: Disembodied cognition?», *International Journal of Psychology* 47, 405-428. DOI: <https://doi.org/10.1080/00207594.2012.743665>
- Prinsloo, Dawn (2007): «The right to mother tongue education: A multidisciplinary, normative perspective», *Southern African Linguistics and Applied Language Studies* 25 (1), 27-43.
- Ramallo Fernández, Fernando / Martín Vázquez Fernández (2020): «Condiciones del bilingüismo en la Galicia actual», en *El Español en el mundo. Anuario del Instituto Cervantes 2020*, 211-236. https://cvc.cervantes.es/lengua/anuario/anuario_20/ramallo_vazquez/p01.htm [consultado o 14/06/2024].
- Silva Valdivia, Bieito (2007): «A lingua: Hai futuro?», *Revista Galega de Educación* 38, 95-97.